

A SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA (1931-1936)

1. A CRISE DA MONARQUÍA E A PROCLAMACIÓN (ABRIL 1931)

A Segunda República non foi froito dunha revolución armada, senón do colapso da Monarquía de Afonso XIII tras o fracaso da “**Dictablanda**” de Berenguer, o goberno de Aznar e o desprestixio acumulado dende a ditadura de Primo de Rivera.

Neste momento, España era un país de fortes contrastes, cun 45,5% de poboación activa dedicada o sector agrario e un 26,5% adicada a industria. A pesar do peso da poboación agrícola, o 67% da terra era controlada tan só por un 2% de propietarios.

O analfabetismo era un mal endémico que acadaba a un 32,3% da poboación, o 44% se só observamos o caso das mulleres.

Ante isto, as forzas opositoras o réxime, acordan o **Pacto de San Sebastián (1930)**: unha alianza entre republicanos, socialistas e nacionalistas co obxectivo de derrocar a monarquía e instaurar a República.

Dito pacto materializarase nas **eleccións do 12 de abril de 1931**, que foron interpretadas como un plebiscito nacional. O triunfo da Conxunción Republicano-Socialista nas grandes cidades (onde o voto era libre do caciquismo) precipitou a caída do réxime. Os bloques políticos presentados a estas eleccións foron:

- **Esquerda republicano-socialista:** PSOE, UGT, Izquierda Republicana, Partido Radical Socialista, ORGA en Galicia.
- **Centro republicano:** Partido Radical de Lerroux, Derecha Liberal Republicana / Partido Republicano Progresista.
- **Dereita:** CEDA de Gil Robles, monárquicos alfonsinos, tradicionalistas/carlistas.
- **Nacionalismos periféricos:** ERC en Cataluña, PNV en Euskadi e Partido Galeguista en Galicia.

O **14 de abril de 1931**, **proclamase a República** tras a partida do rei ao exilio. A proclamación foi celebrada con entusiasmo nas cidades principais vilas galegas.

En Madrid fórmase un **Goberno Provisional** presidido por **Niceto Alcalá-Zamora**, que inclúe desde a dereita republicana ata os socialistas.

1. **Dereita Republicana:** Alcalá-Zamora (Presidente) e Miguel Maura (Gobernación).
2. **Esquerda Republicana:** Manuel Azaña (Guerra), Marcelino Domingo (Instrución Pública).
3. **Socialistas (PSOE):** Largo Caballero (Traballo), Indalecio Prieto (Facenda), Fernando de los Ríos (Xustiza).
4. **Radicais:** Alejandro Lerroux (Estado).

Entre as primeiras medidas que tomaron temos: Amnistía xeral para presos políticos, garantía de liberdades e o recoñecemento tácito da Generalitat catalá (Francesc Macià).

En Galicia, o dinamismo inicial permitiu o **Partido Galeguista (PG)**, fundado pouco despois, liderase a reclamación do autogoberno. Ao mesmo tempo, seguían a ter forza sectores conservadores ligados á Igrexa, aos grandes propietarios e a un agrarismo máis moderado, que verán con recelo as reformas republicanas.

2. A CONSTITUCIÓN DE 1931

As eleccións a Cortes Constituíntes do 28 de xuño de 1931 deron unha maioría esmagadora á conxunción republicano-socialista (70% de participación). A nova Constitución, aprobada en decembro, define a España como unha **“República democrática de traballadores de toda clase”** na que o Estado asume un papel activo na xustiza social e na educación, sendo unha das Constitucións máis avanzadas do seu tempo:

- **Soberanía popular e unicameralismo:** O poder reside no pobo e exerceuse a través dunha única cámara (Cortes).
- **Dereitos de liberdades:** Recoñecemento do divorcio, o matrimonio civil e a educación laica. E incluía por primeira vez o voto feminino, aprobado tras o histórico debate entre **Clara Campoamor** (a prol) e **Victoria Kent** (en contra por medo ao voto conservador influído pola Igrexa).
- **Cuestión relixiosa (art 26 e 27):** Separación total Igrexa-Estado. Prohibición do ensino ás ordes relixiosas e disolución da Compañía de Xesús.
- **Dereito a autonomía:** Admítese o dereito a constituír rexión autónomas (Estado non centralista).

A aprobación da Constitución provocou fortes resistencias da Igrexa católica e dos sectores conservadores, que se sentiron desprazados dun Estado que perdera o seu carácter confesional

3. O BIENIO REFORMISTA (1931-1933)

Baixo **Manuel Azaña**, o goberno acometeu un ambicioso plan de modernización das estruturas caducas do país e en resolver problemas históricos.

A. Grandes Reformas:

- **Reforma Militar (Lei Azaña):**
 - Modernización do exército, que debía xurar *fidelidade á República, reducindo a macrocefalia de oficiais* (xubilacións voluntarias).
- **Reforma Agraria (Lei de 1932):**
 - O obxectivo era *redistribuír a terra mediante o Instituto de Reforma Agraria (IRA)*. Asentaron en terras mal cultivadas a unhas 80.000 familias; todo pola lentitude burocrática e a feroz resistencia dos grandes propietarios.
 - En **Galicia**, o impacto foi menor debido ao predominio do **minifundio** e á loita contra os **foros**; a República impulsou a **redención de foros** para liberar ó campesiño.
- **Reforma Educativa:**
 - Constrúense **10.000 escolas** (o obxectivo eran 27.000), creanse 10.000 prazas de mestres, impulsando unha educación pública, laica e modera. Logrouse baixar o analfabetismo dun 32% ó 28%.
 - As **Misións Pedagóxicas** levaran a cultura ao rural. Estas Misións visitaron aldeas galegas para levar o cine, teatro e libros.
- **Cuestión Autonómica.**
 - **Aprobación do Estatuto de Cataluña** (1932).

- En Galicia, o Partido Galeguista de **Castelao** e **Bóveda** impulsan o movemento estatutario que culmina na **Asemblea de Municipios de Santiago** (1932), onde se aproba un proxecto de Estatuto que o PG defendería sen descanso.
- **Leis de orde pública.**
 - Para responder á crecente conflitividade social aprobáronse normas como a **Lei de Defensa da República** e a **Lei de Orde Pública**, criticadas pola dereita e pola extrema esquerda por consideralas represivas.

B. Conflitividade e Crise:

A dereita reorganizouse (CEDA de Gil-Robles) e os sectores radicais (CNT) acusaron ao goberno de lento. A República comezou a sufrir ataques de ambos extremos:

- A extrema dereita tentou o golpe de **Sanjurjo** (1932)
- A extrema esquerda protagonizou insurreccións anarquistas, destacando os trágicos sucesos de **Casas Viejas** (1933), que desprestixiaron a Azaña e provocaron o fin do bienio.
- O movemento obreiro, articulado a través de UGT (de orientación socialista) e CNT (anarquista), protagonizou folgas e mobilizacións, alimentando o medo das clases medias e conservadoras a unha revolución social.

4. O BIENIO RADICAL-CEDISTA OU “BIENIO NEGRO” (1933-1936)

Nas eleccións de 1933, as primeiras con voto feminino, deron a vitoria á **CEDA de Gil Robles** e ao **Partido Radical de Lerroux**. A CEDA presentábase como un partido de masas de inspiración católica e autoritaria, que moitos sectores de esquerda percibían como próximo aos fascismos europeos, o que aumentou a polarización política. Este novo goberno comezou o que se chamou **“Política de rectificacións das reformas”**:

- *Paralizouse a reforma agraria e devolución de terras.*
- *Amnistiáronse aos golpistas de 1932 (Sanjurjo).*
- *Freouse a construción de escolas públicas.*
- *Enfrontamento coa Generalitat*

A Revolución de Outubro de 1934: A entrada de ministros da CEDA no goberno foi vista pola esquerda como unha ameaza fascista. A súa resposta foi unha folga xeral revolucionaria, especialmente violenta en:

- **En Asturias:** produciuse unha verdadeira guerra civil, na que os mineiros foron esmagados pola Lexión dirixida por Franco, reprimindo o alzamento con máis de 1.000 mortos.
- **En Cataluña:** Lluís Companys proclamou o *“Estado Catalán dentro da República Federal”*, o que levou á suspensión da autonomía catalá e foi detido Lluís Companys.
- **Galicia:** A represión de 1934 afectou ao nacionalismo galego; moitas sedes do PG foron pechadas e o proceso autonómico quedou conxelado.

Fin do Bienio: O escándalo de corrupción do **Estraperlo** (ruleta fraudulenta) e outros casos afundiron ao goberno de Lerroux.

A radicalización da dereita e da esquerda, sumada á crise económica e social, fixo imposible a estabilidade dun goberno de centro.

5. O FRONTE POPULAR E O FINAL DA REPÚBLICA (1936)

A esquerda uniuse nunha gran coalición para as eleccións de febreiro de 1936 (**Fronte Popular**). A súa vitoria abriu a última etapa da II República.

- **Vitoria electoral:**

- O Fronte Popular gaña as eleccións.
- Manuel Azaña pasa á presidencia da República e o coruñés **Santiago Casares Quiroga** asume a presidencia do Goberno.

- **O Estatuto de Galicia:**

- En Galicia a vitoria do Fronte Popular permitiu acelerar o proceso estatutario. O 28 de xuño de 1936 celébrase o plebiscito do **Estatuto de Autonomía de Galicia** (o "Estatuto do 36"), acadando un éxito abafador (99% dos votantes) coñecido como o "Santo Cristo dos Estatutos".
- Nel Galicia era recoñecida como "nacionalidade histórica".
- Porén, a sublevación militar de xullo e o estalido da Guerra Civil impediron a súa entrada efectiva en vigor.

- **Polarización e "Primavera Tráxica":**

- Ocupación de terras, desordes públicas e violencia de grupos falanxistas e de esquerdas.
- Este clima de violencia social e asasinatos políticos levaranos o asasinato do nacionalista galego **Johán Carballeira** e os choques de rúa reflicten a ruptura da convivencia.

- **O Detonante Final:**

Entre 1931 e 1936 contabilizáronse unhas **22.000 folgas** e uns **2.500 mortos** por violencia política. O detonante produciuse o 13 de xullo é asasinado o líder monárquico **José Calvo Sotelo** (nado en Tui) en represalia polo asasinato do tenente Castillo.

O 17 de xullo de 1936, a sublevación militar en África, dirixida por Mola, Sanjurjo e Franco, pon fin á experiencia democrática da Segunda República e inicia a Guerra Civil.

6. CONCLUSIÓN E VALORACIÓN

A Segunda República foi o primeiro gran intento de democratizar e modernizar España e Galicia no século XX. Malia as súas ambiciosas reformas, a forte oposición das elites tradicionais (Igrexa, exército, terratenentes), o medio das clases medias, a impaciencia revolucionaria dunha parte das clases traballadoras, e crecente polarización política fixeron moi fráxil o sistema. Todo isto produciuse nun contexto internacional marcado pola crise de 1929, o avance dos fascismo en Italia e Alemaña e o descrédito das democracias parlamentarias, o que alentou opcións autoritarias tamén en España. O golpe militar de xullo de 1936 puxo fin á República e abriu o camiño á Guerra Civil, truncando o proxecto de modernización e autogoberno tamén para Galicia..